



INFORME SOBRE A LEI DE REHABILITACIÓN E DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE GALICIA

OUTUBRO. 2019

Táboa de contido

Táboa de contido	2
1 Introdución	3
2 Contextualización normativa da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRRU)	4
3 Análise da LRRRU	13
3.1 A protección dos bens Catalogados	16
3.2 A protección dos Conxuntos históricos	22
3.3 Competencias en materia de protección do patrimonio cultural	28
3.4 Outros aspectos da LRRRU que poden afectar á protección do patrimonio cultural..	30
3.4.1 As medidas relativas aos núcleos rurais	31
4 Reflexións	32
5 Conclusións	35
5.1 Sobre a estabilidade do marco normativo da protección do patrimonio cultural	36
5.2 Sobre a responsabilidade pola ausencia dun Inventario, hoxe Catálogo do Patrimonio Patrimonio Cultural de Galicia.....	37

1 Introducción

“Cada comunidade, tendo en conta a súa memoria colectiva e consciente do seu pasado, é responsable da identificación, así como da xestión do seu patrimonio. Os elementos individuais deste patrimonio son portadores de moitos valores, os cales poden cambiar no tempo. Esta variabilidade de valores específicos nos elementos define a particularidade de cada patrimonio. A causa deste proceso de cambio, cada comunidade desenvolve unha conciencia e un coñecemento da necesidade de coidar os valores propios do seu patrimonio.”

Carta de Cracovia (Rivera e Pérez 2000)

Este documento resulta do traballo realizado pola Comisión Técnica Temporal para a elaboración dun informe sobre a proposta de *Lei de rehabilitación, de rexeneración e renovación urbanas de Galicia*, por parte do Consello da Cultura Galega (en diante CCG), constituída o 5 de abril de 2019 e formada polos seguintes membros da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do dito CCG: Rebeca Blanco Rotea (coordinadora), Juan M. Monterroso Montero, Carlos Nardiz Ortiz, Teresa Nieto Pérez, Iago Seara Morales e Alfredo Vigo Trasancos. O traballo realizado por esta comisión baseouse no proxecto de Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, X legislatura, número 417 (fascículo 1), do 23 de xaneiro de 2019. Xa na fase de remate de elaboración deste informe, foi aprobada a dita Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (en diante LRRRU) polo Parlamento de Galicia e publicada no DOG núm. 83, do 2 de maio de 2019 (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190502/AnuncioC3B0-250419-0001_gl.html), con entrada en vigor aos 20 días da súa publicación, o 22 de maio de 2019. O dito informe, que quedara paralizado ante a publicación da propia Lei, reactivábase o 4 de xullo ante a chegada ao CCG dunha solicitude por parte do Comité Nacional Español de ICOMOS dun informe relativo aos aspectos patrimoniais que toca a LRRRU, xa que dende ICOMOS detectan que “hai unha serie de artigos que van máis aló do contido na lei estatal, no referente ás actuacións en núcleos históricos e edificios catalogados nos plans especiais e outras figuras de planeamento das cidades da Comunidade Autónoma Galega. Estes artigos parecen poñer en risco a conservación dos valores patrimoniais deses núcleos e conxuntos como, por exemplo, o da cidade histórica de Santiago de Compostela da lista do Patrimonio da Humanidade”. Polo tanto, ante a dita solicitude, realízase unha revisión daquel informe para proceder a atender tal demanda.

Neste informe partimos dunha serie de premisas básicas no relacionado coa xestión, conservación e salvagarda do Patrimonio Cultural, a saber:

A Constitución española nos seus artigos 44 e 46 recolle o dereito da sociedade de acceder á cultura e o deber dos poderes públicos de promover e tutelar ese acceso, por unha parte, e de garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, por outra, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. Para regular estes aspectos, o 25 de xuño de 1985, apróbase a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE do 29 de xuño de 1985) (en diante LPHE).

Pola súa vez Galicia, no Estatuto de autonomía, como nacionalidade histórica que accede ao seu autogoberno, asume a tarefa da defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses. Tamén asume a competencia exclusiva sobre o Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, e o fomento da cultura e da investigación en Galicia. En exercicio desas competencias, aprobouse a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPC/95), que foi substituída por unha nova lei, que ten apenas dous anos, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPC/16).

2 Contextualización normativa da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRRU)

De pouco serviría ao noso Patrimonio que a nosa práctica relacionada cos bens inmobles non tivese en conta a tradición lexislativa chegada aos nosos días que arranca co Real decreto-lei, do 8 de agosto de 1926, relativo á conservación da riqueza histórico-artística nacional, e non se posicionase nos novos paradigmas que a sensibilidade colectiva e as ciencias sociais, humanísticas e, incluso, puras achegan hoxe en día á conservación, e que se orixinan hai máis de 100 anos e xa foran

recollidas en moitas normas internacionais, cartas e documentos, a maior parte delas con adhesión do Estado español.

Consideramos neste informe obrigado lembrar que estamos inseridos nunha tradición de máis de dous séculos que fixou a forma de ver e conservar o Patrimonio Cultural, e protexelo xuridicamente. Esta pode ser, precisamente, unha de tantas liñas forza que puxan permanentemente da razón de ser do Patrimonio Cultural, a nosa tradición de conservación e xurídica. Actualmente valores como os de autenticidade, a integridade e a unidade espacial das fábricas, con todas as manifestacións territoriais que organiza, escolle, fosiliza e fideliza, e a sensibilidade colectiva e individual que comporta son paradigmas que toda manifestación lexislativa e xurídica debe recoller, procurando corrixir as que van encamiñadas á perda destes ou doutros valores similares que caractericen a un ben patrimonial inmovible ou territorial. Textos actualizados dentro das liñas que son propias da razón de ser do Patrimonio Cultural, e do valor de uso funcional e cultural deste, tanto individual como colectivo, como poden ser os de herdade, conservación e transmisión que inspiraron a intelixencia desa idea colectiva dende o Real decreto-lei de 1926.

A Constitución de 1931 facía por primeira vez referencia ao patrimonio histórico español nun esforzo de síntese lexislativo, de dereitos e deberes dende a tradición anterior respecto aos achegamentos fundacionais que pouco a pouco estruturaron a forma de ver e conservar a memoria e a historia a través da “[...] riqueza artística e histórica del país” evocada polo patrimonio inmovible e, quizais, tamén polo patrimonio espiritual evocado ou patrimonio inmaterial. Propio daquela tradición, o recoñecemento de que esta riqueza histórica e artística constituía un “tesouro cultural” marcou a forma de percibir e de conservar ese noso tesouro cultural. Seguindo a lóxica do contexto, a Lei relativa ao Patrimonio Artístico Nacional do 13 de maio de 1933 “Sobre defensa, conservación, acrecentamento del Patrimonio histórico artístico nacional”, partindo dende unha “construción cultural e xurídica” e apoiada en decretos, ordes e regulamentos, foi creando, como “patrimonio xurídico” que é, o fundamento dunha tradición que logo foi asentada na Constitución actual de 1978 e na Lei do patrimonio histórico español de 1985.

Como xa expuxemos, continuando esta tradición, a Constitución española actual recolle, nos seus artigos 44 e 46, o dereito da sociedade de acceder á cultura e o

deber dos poderes públicos de promover e tutelar ese acceso, así como o deber dos mesmos poderes de garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. Para regular estes aspectos, o 25 de xuño de 1985 aprobouse a LPHE.

No Estatuto de autonomía, Galicia asumiu a tarefa da defensa da identidade galega e dos seus intereses e recolleu a competencia exclusiva sobre o Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, e o fomento da cultura e da investigación en Galicia. En exercicio desas competencias aprobouse a LPC/95, por unanimidade parlamentaria. Aspecto, este último, dun valor singular na tradición xurídica do Patrimonio Cultural na autonomía galega e do Estado que, non obstante, non se repetiu no caso da aprobación da LPC/16.

A LPHE de 1985 incorporaba unha visión do territorio patrimonializada, basicamente, na figura do Conxunto Histórico, interpretándoo como algo aberto, sendo unha figura herdada do período dos 53 anos transcorridos dende a lei republicana, coa novidade de ter que caracterizar agora o seu coñecemento histórico e a súa conservación a través dunha figura disciplinar idónea: a ordenación do territorio e o urbanismo, figuras escollidas intencionadamente polo lexislador recollendo o modelo metodolóxico derivado da práctica italiana e europea e especialmente dende a autoridade de G. Gionvanoni, manifestada en 1947 en Italia.

A Lei de 1985 céntranse en facer solvente e instrumental esa conservación coa normalización do “Plan especial de protección” ou figura similar, á que fai referencia obrigada a lei para os Conxuntos históricos:

“Artigo 45. Conxuntos históricos. Planeamento.

1. A declaración dun conxunto histórico determinará a obriga para o Concello no que se atope de redactar un plan especial de protección da área afectada.

A aprobación definitiva deste plan requirirá o informe favorable da Consellería de Cultura, que se entenderá positivo transcorridos tres meses desde a súa presentación. A obrigatoriedade da dita normativa non poderá escusarse na preexistencia doutro planeamento contraditorio coa protección nin na inexistencia previa de planeamento xeral.”

Cabe dicir que as ditas leis serviron dabondo, con apenas friccións, á tradición e á continuidade da primeira lei patrimonial española de 1933. Por outra banda, a tradición que chega ás leis do patrimonio galegas respecto aos requirimentos para o patrimonio construído ou arquitectónico contén unha re-lectura espacial da categoría Monumento, concibido como memoria e historia construída, como documento construído, que a través dos catálogos se converte en figura imprescindible do planeamento e, en calquera caso, contén os valores e recoñecemento do elemento arquitectónico ou construído inserido nun territorio urbano ou rural, con efectos de intención de dotalo de estrutura. Respecto dos elementos arquitectónicos ou construídos, ben sexan BIC ou Catalogados, o devir da tradición foi esbozando a captura de novos paradigmas e de novas sensibilidades como a unidade da peza (fachadas, unidade solidaria de territorio e elemento construído, xeradores de estrutura espacial dun e doutro, valor de autenticidade, valor de identidade, valor catastral, etc.). Valores que soamente poden ser desenvolvidos nas figuras dos plans especiais de protección ou similares.

A LPC/16 estableceu e definiu no seu artigo 40 unha serie de modelos de intervención nos bens materiais protexidos polo seu valor cultural ou, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, que clasifica en varios tipos, dos que nos interesan para o presente informe os seguintes: Mantemento, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación e Reconstrución.

Así mesmo, a LPC/16 estableceu uns niveis de protección para os bens integrantes do patrimonio arquitectónico ou industrial no seu artigo 41, que derivan da relevancia do seu valor cultural e do seu estado de conservación:

“a) Protección integral: conservación íntegra dos bens e de todos os seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal desde a perspectiva de todos os valores culturais que conforman o interese do ben, respectando a súa evolución, transformacións e contribucións ao longo do tempo.

b) Protección estrutural: conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.

c) Protección ambiental: conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens que, malia non presentaren un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.”

Unicamente estableceu a correspondencia para os bens declarados de interese cultural (BIC), aos que lles corresponde sempre unha protección integral, mentres que o resto dos bens, os bens inmobles catalogados, incluíranse nalgún dos niveis de protección descritos, en función dos seus valores concretos, dato que figurará expresamente na orde de inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia ou nos catálogos de planeamento urbanístico.

Esta atribución de niveis de protección seguindo esa definición debíase realizar evidentemente a partir da entrada en vigor da lei no ano 2016 xa que, malia que anteriormente nos catálogos de planeamento se empregaran esas denominacións, non existía unha correspondencia con conceptos definidos legalmente nin unha coherencia nas definicións propias de cada catálogo.

A LPC/16 establece os tipos de actuacións autorizados segundo eses niveis de protección:

1. Actuacións autorizables en bens con protección integral:

a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e restauración.

b) As de rehabilitación poderán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un **novo uso compatible cos seus valores culturais que garanta a súa conservación e o acceso público a el.**

c) As ampliacións dun ben inmovible, exclusivamente en planta, no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e se resolvan como volumes diferenciados.

d) As de reconstrución, de xeito excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais dos que se poida probar a súa autenticidade e posición orixinal.

2. Actuacións autorizables en bens con protección estrutural:

- a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, restauración, consolidación e rehabilitación.
- b) As de reestruturación puntual ou parcial poderán autorizarse se a través do proxecto de intervención se xustifica a súa necesidade de forma específica e documentada e se se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes cos orixinais.
- c) As ampliacións, en planta e en altura, dun ben inmovible no marco dunha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial.
- d) As de reconstrución, de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan probar.

3. Actuacións autorizables en bens con protección ambiental:

- a) As de investigación, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación e reestruturación parcial ou total.
- b) As de ampliación, sempre que non supoñan unha deterioración ou destrución dos valores culturais que aconsellaron a súa protección.

Contempla tamén a LPC/16 a posibilidade de que en cada nivel de protección poida ser autorizado excepcionalmente, pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, outro tipo de intervencións distinto ao establecido de forma xeral, nos casos en que se analicen de xeito pormenorizado as características e condicións de conservación do ben e o seu contorno de protección, **os valores culturais protexidos** e as melloras funcionais, sempre que o proxecto de intervención xustifique a súa conveniencia en prol dun maior beneficio para o conxunto do patrimonio cultural de Galicia. O mantemento dos valores culturais que representan e conteñen estes elementos patrimoniais é sempre un ben que hai que protexer.

En decembro de 2017 o CCG elaborou o documento “Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI”, que se pode consultar no seguinte enlace: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4315>, como base para a creación da estratexia da Cultura Galega 2021 atendendo a un encargo da Xunta de Galicia. Dentro deste documento, a Sección de Patrimonio e Bens Culturais identificou unhas “Liñas forza en materia de patrimonio e bens culturais para a elaboración da diagnose do sector cultural galego como base para a creación da estratexia da cultura

galega 2021”. Nelas facíase fincapé na ausencia de políticas globais en materia de patrimonio e na problemática da normativa legal, xa que lle afectaban ao patrimonio diferentes normativas que non sempre son converxentes na súa conservación, protección e respecto aos seus valores, pero que, así mesmo entraban unhas en contradicións coas outras, ou modificaban o grao de protección e as competencias de leis anteriores, coma no caso que nos ocupa. Traemos aquí aqueles parágrafos:

“a. **Ausencia de políticas globais.** Considérase como liña principal e prioritaria a necesidade de deseñar unha política global dende a Administración pública en materia de patrimonio e bens culturais que posibilite acadar accións proactivas dentro dun marco común de entendemento e conceptualización do patrimonio cultural galego. Neste momento a maior parte das accións que se levan a cabo en materia de patrimonio son reactivas ante determinadas situacións que lle afectan (normalmente en sentido negativo: incendios forestais, ruína por diferentes causas, afeccións no marco da realización de obras públicas e/ou privadas, etc.). Do mesmo xeito, e tendo en conta a implicación que a sociedade civil ten co patrimonio, e que vai en aumento constante ao identificarse este como símbolo da súa cultura, considérase importante habilitar, promover e fomentar mecanismos de colaboración entre as administracións públicas e a sociedade civil.

Considérase, así mesmo, importante establecer unha visión global do territorio e da súa compoñente patrimonial, ante o problema xerado polo abandono do rural e con el dos espazos comunitarios. Debe terse en conta que a inclusión da paisaxe na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, comporta unha obriga de xestión do dito elemento, afectado de maneira directa, como dicimos, polo despoboamento e o abandono dos espazos rurais.

b. **Normativa legal.** Nos últimos dous anos véñense desenvolvendo diferentes leis ou proxectos de lei que afectan ao patrimonio galego nas súas diferentes figuras e escalas, coma no caso da propia Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que se está revisando e cambiando a través de novas leis sectoriais [como pasará agora coa LRRRU]. ***O marco xurídico da protección do patrimonio debe establecerse e manterse, sen que poida modificarse de maneira constante dende outras normativas sectoriais (industria, vivenda, enerxía, etc.).*** Considérase que a quen lle corresponde definilo é á Administración de patrimonio e debe ser un marco estable e respectado polas demais administracións.

A conservación integrada require harmonizar conservación e desenvolvemento socioeconómico e articular políticas intersectoriais e interinstitucionais en todos os eidos que inciden sobre o territorio dende a sostibilidade. Corresponde á Administración de patrimonio cultural liderar ese proceso e elaborar un marco estable de normas legais e instrumentos viables en canto ao seu contido e aos prazos para a súa elaboración que garantan a conservación do patrimonio, da súa autenticidade e integridade.

c. **Ausencia de estratexias de protección e de xestión axeitadas aos bens patrimoniais.** Na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia inclúense novas figuras de protección que non existían na lei do ano 1995, tales como a paisaxe cultural ou o patrimonio inmaterial. Actualmente considérase que non existen estratexias de protección axeitadas aos bens patrimoniais e que deberían crearse mecanismos de actualización destes novos bens que eviten actuar mediante paralelismos con outros bens empregando mecanismos que agora non son axeitados (tratar un elemento patrimonial inmaterial coma se fose un ben inmovible, por exemplo). Neste sentido, poderíamos distinguir dous aspectos:

- A idoneidade dos mecanismos de protección deseñados para bens dentro dun concepto de patrimonio histórico-artístico que non sempre se acomodan ás condicións doutros bens culturais.
- A necesidade de atopar novas estratexias de protección máis eficaces para patrimoniais emerxentes como son os de natureza territorial: paisaxe cultural, vías culturais... ou para o patrimonio inmaterial.”

Parecíanos necesario traer a colación neste informe aquelas reflexións recollidas naquel documento, “Liñas forza en materia de patrimonio e bens culturais...”, xa que en parte a problemática que agora se detecta en relación coa lei ten que ver con estes aspectos.

Finalmente, no mes de setembro de 2018 iniciamos no Consello da Cultura Galega o programa “In situ” dentro dos Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural, que se veñen realizando dende novembro de 2015. O primeiro “In situ” centrábase na xestión dos conxuntos históricos onde se desenvolveron, concretamente os de Vigo, Ferrol, Ourense-Ribadavia, que querían mostrar a diversidade das situacións en que se atopan estes conxuntos e introducir no debate os aspectos complexos arredor da protección patrimonial da cidade histórica. Pechaba o programa un encontro arredor

de tres mesas de debate que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 26 de febreiro de 2019. As mesas xiraban arredor das seguintes temáticas:

- A patrimonialización dos conxuntos históricos e a participación cidadá neste proceso e na toma de decisións que lle afectan.
- A ordenación, a relación coa cidade e o Plan Especial como instrumento de xestión.
- A rehabilitación física e social, as políticas públicas e o fomento na xestión dos conxuntos históricos.

No contexto desta última mesa, e tras os tres encontros realizados en Vigo, Ferrol e Ourense, recollimos unha serie de reflexións, algunhas das cales son tamén de interese para o presente informe. Na páxina do Consello da Cultura Galega poden seguirse os debates das mesas: <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200776>.

Na intervención pública no tecido edificado da cidade histórica parece existir un desequilibrio nas intervencións, onde mantemento, conservación, rehabilitación e posta en valor se deberían suceder nesa orde nas prioridades. As actuacións de mantemento e de conservación, considerando aquí as pequenas actuacións de mellora de habitabilidade e mellora das condicións de vida, estímase fundamentais para manter a poboación e evitar o abandono. Neste sentido, parece que non sempre as medidas de fomento priorizan estas actuacións fronte a outras que beneficiarían a promoción inmobiliaria e que nalgúns casos contribuíron á degradación e deturpación destas áreas, coma en Ourense co fraccionamento das vivendas, vivendas interiores...

Sitúanse en planos diferentes as actuacións de rehabilitación e as de substitución de edificacións ou reedificación que estarían dentro do concepto de Reforma, non no de Protección, e chamouse tamén a atención sobre os conflitos que se producen entre estas actuacións e a conservación urbana, morfolóxica e do parcelario. Relaciónase con ese tipo de actuacións o debate arredor de cuestións recoñecidas como “criterios de conservación”, conservación de aliñamentos e rasantes, limitación de agregacións e dos aumentos de volume, mantemento de fondos de edificación e espazos libres, ademais das relativas ao uso de materiais e técnicas construtivas tradicionais.

Insistiuse nos encontros na importancia dun coñecemento específico e intenso das edificacións dende os aspectos histórico-artísticos, os ligados á evolución e transformación das súas características tipolóxicas, das patoloxías e solucións construtivas características.

Parecen existir distintas tendencias nas intervencións, dende aquelas máis científicas, de recuperación de solucións e técnicas tradicionais, a aquelas outras nas que se busca a variedade nas solucións dende distintas sensibilidades de rehabilitación.

As carencias normativas, a falta de regulación nos plans especiais de aspectos como as novas instalacións, novos materiais, tratamento dos espazos públicos ou dos espazos comúns das edificacións... e a falta de especificación de elementos protexidos, con determinacións xenéricas e falta de modulación das proteccións, dificultan a actuación dos técnicos nas intervencións e no seu control.

O desequilibrio entre os usos residenciais e terciario, tanto os vinculados ao ocio e hostalería, coma os relacionados co turismo, é un factor importante no abandono e despoboamento de conxuntos históricos coma o de Ourense. Noutros, como Ribadavia, o despoboamento segue a dinámica demográfica do territorio e leva a preguntarse como se poden manter conxuntos históricos sen habitantes.

Foi precisamente nesta última mesa onde se demandou por parte dos participantes ao Consello da Cultura Galega a realización dun informe sobre o proxecto de LRRRU, agora xa lei. Recollendo esta demanda, que se consideraba importante no marco destas reflexións e pola afección que podía ter para o patrimonio galego de diferentes contextos, creouse esta comisión e elaborou un informe, que non chegou a tempo antes da aprobación da lei e que, como se expón na introdución, se retoma con data 4 de xullo de 2019, ante a solicitude do Comité Nacional Español de ICOMOS recibida no CCG.

3 Análise da LRRRU

A LRRRU modifica a protección dos inmobles catalogados e dos bens de interese cultural de carácter territorial e as competencias en materia de protección do patrimonio cultural.

En primeiro lugar, na exposición da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia destácase que esta lei ten encaixe no marco europeo e estatal e cita as seguintes normas e documentos: a Estratexia común europea nas materias de rehabilitación e de desenvolvemento sustentable, recollida na Carta de Leipzig sobre cidades europeas sustentables de 2007, a Declaración de Marsella do 25 de novembro de 2008, a Declaración de Toledo do 22 de xuño de 2010 e a Estratexia Europa 2020, aprobada polo Consello Europeo o 17 de xaneiro de 2010, e o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro.

Atendendo ao contido desta nova lei en relación co Patrimonio Cultural e a súa protección, ademais destes documentos, sería conveniente citar e considerar tamén os seguintes documentos na propia elaboración da Lei e no seu encaixe no marco europeo e estatal:

- CARTA EUROPEA DEL PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO (26 de setembro de 1975): <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:93713826-20c7-42a1-bb7f-bb09d201ed21/1975-carta-amsterdam.pdf>
- DECLARACIÓN DE AMSTERDAM (21 a 25 de outubro de 1975): <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:3105dc7a-8c2e-409d-94b5-b731fc21a8e2/1975-declaracion-amsterdam.pdf>
- RECOMENDACIÓN 880 (1979) DE LA ASAMBLEA DEL CONSEJO DE EUROPA RELATIVA A LA CONSERVACIÓN DEL PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO EUROPEO: <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:e59d6f34-560e-4dde-8905-4ccf87d2d821/1979-recomendacion-880.pdf>
- CONVENCIÓN PARA LA SALVAGUARDIA DEL PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO DE EUROPA (CONVENCIÓN DE GRANADA, 3 de outubro de 1985): <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:73f8d55e-17db-4676-9d80-962fb58eb3b7/1985-convencion-granada.pdf>

LA CARTA DE NOTO. CONCLUSIONES Y PROPUESTAS DEL ACUERDO INTERNACIONAL "CONSULTORÍA DE NOTO. PERSPECTIVAS PARA LA CONSERVACIÓN Y LA RECUPERACIÓN DEL CENTRO HISTÓRICO". (Noto. Siracusa, 12 a 15 de decembro de 1986: <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:c985ba29-4817-442b-8cde-e2a490140936/1986-carta-de-noto.pdf>)

CARTA INTERNACIONAL PARA LA CONSERVACION DE LAS CIUDADES HISTÓRICAS ("CARTA DE TOLEDO" 1986): <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:d78ff77f-941e-43e9-88dd-6d416eaf1b7d/1986-carta-toledo.pdf>

CARTA DE CRACOVIA 2000. PRINCIPIOS PARA LA CONSERVACIÓN Y RESTAURACIÓN DEL PATRIMONIO CONSTRUIDO: <https://ipce.culturaydeporte.gob.es/dam/jcr:b3b6503d-cf75-4cb0-adaf-226740ebd654/2000-carta-cracovia.pdf>

CONVENCIÓN DO PATRIMONIO MUNDIAL E DIRECTRICES PRÁCTICAS PARA A SÚA APLICACIÓN: <http://whc.unesco.org/archive/opguide08-es.pdf>

E, xa no marco legislativo autonómico e estatal, evidentemente, as seguintes leis:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE de 29 de xuño de 1985).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

En segundo lugar, tras unha lectura detida da LRRRU de Galicia, dende esta comisión, considérase que modifica o réxime de protección do patrimonio cultural de Galicia, agás o dos bens inmobles individualmente declarados bens de interese cultural (BIC), os monumentos na denominación das categorías que establece a LPC e o daqueles bens catalogados que teñan unha protección integral. Esa modificación afecta, polo tanto, á inmensa maioría dos bens que forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e á totalidade dos bens declarados de interese cultural de natureza territorial: conxuntos históricos, territorios históricos, lugares de valor etnolóxico, vías culturais, zonas arqueolóxicas e paisaxes culturais. É por iso que consideramos necesario facer unha análise de como afectan esas modificacións á protección dos bens catalogados, por unha banda, á dos conxuntos históricos, por outra, ás competencias en materia de protección, así como a outros aspectos que tamén poden

ser relevantes de cara á protección do noso patrimonio cultural e os valores que representa.

3.1 A protección dos bens Catalogados

O Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia está integrado case exclusivamente polos bens que recollen os Catálogos dos planeamentos urbanísticos de Galicia e os instrumentos de ordenación do territorio. Cada un destes instrumentos elaborou as súas propias categorías e as normas de protección correspondentes a cada unha, xa que nin existía unha norma que o regulase nin estaba establecido un criterio unificado dende a Administración.

A discrepancia entre esas categorías e as recollidas na LPC/16 para o patrimonio arquitectónico e industrial (integral, estrutural e ambiental) é xeneralizada, sexa porque se limiten a definir dúas categorías (integral e non integral), sexa porque definan máis, ata catro, cinco ou máis, pero sobre todo porque, aínda cando empreguen as mesmas denominacións, frecuentemente non se dá unha correspondencia entre os conceptos que definen.

Neste marco, a LPC/16 estableceu un réxime mínimo de protección asociado ás tres categorías que define que, malia a dificultade de aplicación da correspondencia desas categorías coas dos Catálogos dos planeamentos, respectaba a especificidade desas catalogacións mantendo vixente a protección específica dos bens de cada planeamento cando esta respectaba o marco mínimo da lei. A lei require a adaptación dos Catálogos na revisión deses instrumentos co claro obxectivo de definir un único e uniforme réxime de protección revisando e establecendo o nivel de protección e o tipo de intervencións de maneira coordinada.

A definición dos modelos de intervención na LPC/16 vincula aquelas de maior incidencia sobre os elementos construtivos dos inmobles protexidos, como as de rehabilitación ou reestruturación, á existencia de causas obxectivas que as fagan imprescindibles por deficiencias funcionais graves, adaptación de accesibilidade ou deficiencias estruturais, con distinto criterio de substitución en función do nivel de protección que o inmovible teña atribuído.

A necesidade destas intervencións xustifícase no proxecto de intervención que debe estudar o ben, o seu valor cultural, histórico artístico, ademais do seu estado de conservación. Isto debe ser así porque o contido das fichas dos catálogos dos instrumentos de planeamento non identifican eses valores nin os elementos nos que se materializan e que deben ser preservados nas intervencións. A inmensa maioría destas fichas limítanse a localizar o elemento e a remitirse ás normas de protección xenéricas que o planeamento define, sen especificar a existencia de elementos singulares protexidos, nin sequera nos edificios con protección integral (como exemplo pode verse a Figura 1).

É dende esta situación absolutamente precaria do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia dende a que se deben analizar os efectos que sobre o patrimonio cultural de Galicia tería a regulación contida na LRRRU.

CATALOGO			
LOCALIZACIÓN: Alcalde Meruendano, 2		ESTRUCTURAL	
PROPIEDAD: D. José Carballal Seoane y otros			
REFERENCIA CATASTRAL: 06229 23			
EDAD DE CONSTRUCCIÓN: S. XVIII			
USO ORIGINAL: Vivienda			
ESTADO: Malo			
REFORMAS: Ampliación galería			
SUP.SOLAR	---	SUP.CONSTRUIDA	856 m ²
PROTECCIÓN EXISTENTE: C.H.A.			
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS: >			
DESCRIPCIÓN: Edificio de dos plantas más galería, de sillares. La entrada por portón adintelado moldurado y escalera de acceso, fachada posterior ciega. Sobre la cornisa existe un cuerpo añadido de piso derecho de madera relleno con entramado de cañizo, en fachada principal carpintería de madera formando galería. La posterior ciega. En planta se desarrolla de forma tripartita. El lateral izquierdo con alcoba hacia el fondo, el central con alcoba paralela a fachada, en este cuerpo se incorpora una escalera de dimensiones nobles, el tercer hueco es una gran habitación ciega.			
ENTORNO: Es una de las piezas relevantes de la calle, dando continuidad a la misma tanto en composición como en materiales.			
PLANEAMIENTO			
TIPOS DE OBRAS	ALTURAS	Se mantienen	ALINEACIONES
	OCUPACIÓN	Ordenanzas	EXT.
			Se mantienen
			INT.
			Se mantienen
USOS ALTERNATIVOS ADMISIBLES-COMPATIBLES			
PÚBLICOS	Ordenanzas	PRIVADOS	Ordenanzas
OBSERVACIONES <ul style="list-style-type: none"> - Se realizará un estudio previo sobre el estado de la piedra de fachada para proceder a su restauración en función del resultado del análisis. - Eliminación de canales y bajantes de PVC. - Se restaurarán forjas y carpintería de madera. 			
		O Plano especial do casco histórico de Ribadavia foi aprobado definitivamente polo Pleno deste Concello na súa sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 1999. Ribadavia 1 de marzo de 1999	
			
DOCUMENTACIÓN		RIBADAVIA, novembro 1998	

FIGURA 1. FICHA DO PLAN ESPECIAL DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA, CORRESPONDENTE A UN EDIFICIO DO SÉCULO XVIII. A PROTECCIÓN EXISTENTE REMÍTESE AO CHA [CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO, “DECLARADO COMO CONJUNTO MONUMENTAL POR DECRETO DE 17 DE OCTUBRE DE 1947 (B.O. DEL 30 DE OCTUBRE DE 1947) A TRAVÉS DE UN INFORME REALIZADO POR D. MANUEL CHAMOSO LAMAS EN EL QUE SE PROPONE UNA DELIMITACIÓN” ([HTTP://WWW.PLANEAMENTOURBANISTICO.XUNTA.ES/SIOTUGA/DOCUMENTOS/URBANISMO/RIBADAVIA/DOCUMENTS/2409NO001.PDF](http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/ribadavia/documents/2409NO001.PDF))]. NA FICHA NON SE RECOLLEN PORMENORIZADAMENTE OS ELEMENTOS SINGULARES QUE HAI QUE PROTEXER DO INMOBLE.

Nas Normas de aplicación directa, a lei substitúe o réxime mínimo de protección da LPC/16 por un réxime de protección máxima aplicable a dous niveis de protección: ambiental e estrutural e aos niveis “asimilables” a estes.

Esta correspondencia entre niveis de protección, nuns casos nominal e noutros asimilándoos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) a través do procedemento de homoxeneización establecido na lei, unicamente podería ser

realizada de maneira coherente e respectuosa cos valores culturais na ampla definición e enumeración do artigo 1.2 da LPC/16 realizando unha nova catalogación. Esa catalogación necesariamente debe contemplar a identificación en cada ficha dese futuro Catálogo dos elementos e aspectos propios do ben que caracterizan o seu notable valor cultural como require o artigo 29 da LPC/16, evitando que eses elementos e aspectos, ao non estar especificamente protexidos, sexan destruídos, como sucederá se se aplican as Normas de aplicación directa da lei na situación actual do Catálogo.

Estrutural e ambiental son niveis de protección dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Cómpre insistir niso xa que, malia que semella obvio, non parece que fose así considerado na elaboración desta lei. A LRRRU permitiría a demolición dos edificios con protección ambiental, intervención que coherentemente a LPC/16 non contempla, para a súa reconstrución e incluso substitución por unha construción alternativa. Mais parece considerar ese nivel de protección ambiental como unha certificación da ausencia de valor cultural, ignorando que os edificios sen valor cultural son os non catalogados, non incluídos en ningún deses niveis, e eses serían en todo caso os prescindibles ou substituíbles.

Como recolle a STSJ GAL 7556/2012, malia que a ficha recolla elementos que protexer, o que hai que protexer é o edificio, aínda que sexa por razón da súa fachada: “En el recurso contencioso-administrativo 4536/2010 que pende de resolución en esta Sala, interpuesto por Concello de Vigo, representado y dirigido por el Letrado de los Servicios Jurídicos del Ayuntamiento de Vigo, contra Resolución de 22-9-10 del Jefe Territorial de Cultura y Turismo en Pontevedra de 22 de septiembre de 2010, actuando por delegación del Director Gral. de Patrimonio Cultural de la Consellería de Cultura y Deporte en el expediente 1068/04 que resuelve no autorizar el derribo y construcción de edificio en la calle Pi y Margall, 31-35 en Vigo”.

As actuacións permitidas, sexan de rehabilitación, de intervención ou de reforma, desvincúlense da necesidade de que a súa realización sexa por deficiencias estruturais, funcionais ou por requirimentos funcionais para a súa posta en uso ou por razóns de accesibilidade como fai a LPC/16. Cabe, polo tanto, a realización de baleirados e demolicións de edificacións malia que as súas características e estado de conservación permitan a súa rehabilitación ou restauración.

Esta consideración está moi lonxe do concepto de patrimonio cultural recollido na nosa constitución, no Estatuto de Galicia ou nas diferentes leis de patrimonio cultural das que falabamos no apartado anterior, e retorna á idea decimonónica de monumento, de patrimonio histórico artístico, ignorando o valor cultural das edificacións tradicionais e populares, que son manifestación das formas de vida e das técnicas tradicionais.

A confusa redacción do artigo 42 podería levar a considerar que os edificios con protección estrutural poderían ser igualmente demolidos e substituídos se as fichas dos Catálogos non recollesen expresamente os elementos singularmente protexidos, cousa que sucede na maior parte dos planeamentos (ver Figura 1).

No resto da regulación das normas de aplicación directa o criterio de conservación destes edificios é o do “fachadismo”; é dicir, a conservación da fachada como pano detrás do que construír novos edificios ignorando os criterios de conservación das características tipolóxicas, solucións e técnicas construtivas que guían dende hai décadas a protección destes inmobles.

Cando se contempla a posibilidade de baleirado dos edificios no suposto de que os elementos que xustificaron a necesidade de establecer a protección estrutural sexan exclusivamente elementos de fachada, estase ignorando a propia definición dese nivel de protección na LPC/16 que se refire á conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural. Dentro destes elementos característicos tipoloxicamente podemos incluír, ademais da fachada, o resto dos cerramentos ou envolvente exterior, incluída a cuberta, o sistema estrutural e a súa organización interior, na que a posición e forma das escaleiras son determinantes. A propia protección estrutural, xa dende a súa definición, xustifícase sempre pola existencia de máis elementos que os da fachada, polo que nunca se debería dar o suposto regulado.

“[S]e entende por Arquitectura a manipulación antrópica de un espazo dado mediante técnicas constructivas que varían a lo largo del tiempo atendiendo a factores sociales, culturales y económicos. La arquitectura estaría relacionada tanto con su entorno físico como con la sociedad que la genera, siendo su forma concreta fruto de una idea

o percepción compartida por la colectividad de individuos de una sociedad, y por lo tanto comprensible dentro de ella, directamente relacionada con los códigos de uso y concepción del espacio y con los esquemas de pensamiento de esa sociedad.” [Mañana Borrazás, P.; Blanco Rotea, R. e Ayán Vila, X.: *Arqueotectura 1: Bases teórico-metodológicas para una Arqueología de la Arquitectura. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio)*, 25. Santiago de Compostela, 2002].

As determinacións relativas ao parcelario son de especial gravidade para os edificios catalogados e, especialmente, para os conxuntos históricos e parecen ignorar a gravidade das consecuencias da súa aplicación.

A utilización conxunta dos portais e dos núcleos de comunicación de ata tres edificios vai acompañada necesariamente da transformación deses tres inmobles nun único edificio, alterando toda a configuración interior e as súas características tipolóxicas, onde, como sinalamos, a posición de portais e escaleiras é determinante. As distorsións na tipoloxía do parcelario nos ámbitos da cidade histórica son moitas veces pegadas da transformación histórica, das murallas e cercas, camiños e vías, edificios desaparecidos e teñen un valor histórico e documental que a nova regularización permitiría facela desaparecer.

A agregación de parcelas vincúlase a un concepto indeterminado como é o de “resolver axeitadamente” a adaptación a normas como as de accesibilidade, habitabilidade ou o Código Técnico da Edificación, cando esas propias normas permiten flexibilizar o cumprimento dos seus parámetros evitando o conflito entre o cumprimento desas normas e a protección do patrimonio cultural:

“CTE Art. 2. Ámbito de aplicación

Igualmente, el CTE se aplicará a las obras de ampliación, modificación, reforma o rehabilitación que se realicen en edificios existentes, siempre y cuando dichas obras sean compatibles con la naturaleza de la intervención y, en su caso, con el grado de protección que puedan tener los edificios afectados. La posible incompatibilidad de aplicación deberá justificarse en el proyecto y, en su caso, compensarse con medidas alternativas que sean técnica y económicamente viables”.

Non existe un interese paralelo por resolver os problemas de accesibilidade urbana regulando o uso e ocupación dos espazos públicos ou outras actividades xeradoras de problemas de habitabilidade nas vivendas, por exemplo as que producen ruído.

3.2 A protección dos conxuntos históricos

A protección dos conxuntos históricos declarados na LPC/16 ten continuidade coa regulación establecida na LPHE para eses bens de interese cultural, como sinala o TC na “Sentencia 122/2014, de 17 de julio de 2014. Recurso de inconstitucionalidad 5277-2013. Interpuesto por más de cincuenta Senadores de los Grupos Parlamentarios Socialista y Mixto en relación con diversos preceptos de la Ley de la Asamblea de Madrid 3/2013, de 18 de junio, de patrimonio histórico de la Comunidad de Madrid. Competencias sobre patrimonio cultural: nulidad de diversos preceptos legales relativos a los bienes integrantes del patrimonio histórico de la Comunidad de Madrid y al régimen de los bienes de interés cultural; interpretación conforme del precepto relativo a los planes especiales de protección)

[...] La obligación de dispensar atención específica en los planes urbanísticos a las áreas declaradas conjunto histórico, sitio histórico o zona arqueológica está orientada a la defensa de esos bienes de interés cultural frente a la expoliación y, por tanto, encaja plenamente en la competencia exclusiva del Estado ex art. 149.1.28 CE”.

Esa protección obriga a redactar un plan Especial de Protección co contido e seguindo os criterios que establecen o artigo 56 da LPC/16 e o art. 21 da LPHE. **Ese plan debe contemplar o mantemento da estrutura urbana e arquitectónica e as características xerais do ambiente e, en todo caso, as aliñacións urbanas existentes.** Como sinala a LPC/16, as modificacións de aliñacións e rasantes existentes, as alteracións de edificabilidade, os incrementos de volume e as parcelacións e agregacións de inmobles serán obxecto de estudo pormenorizado nese plan. Neste sentido, os Plans especiais aprobados en Galicia determinan para cada conxunto histórico, a partir da análise pormenorizada da morfoloxía urbana, do parcelario e da súa transformación histórica, os ámbitos en que se poden realizar esas modificacións e en que condicións se poden realizar, destacando e valorizando así as singularidades e valores de cada conxunto. En tanto non se redacte e aprobe o

preceptivo Plan especial de protección, **nin a LPC nin a LPHE permiten autorizar esas modificacións e alteracións dos conxuntos protexidos.**

A LRRRU tomba este réxime de protección e sitúa os conxuntos históricos en grave risco de perda cando permite excluír o criterio de mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos, o que supón converter en norma o que na lexislación actual é excepcional.

A situación descrita para os bens catalogados con protección ambiental e estrutural afecta igualmente aos inmobles catalogados nos plans especiais con estes niveis de protección ou con outros “asimilables” a partir da homoxeneización que debe realizar a DXPC. Como se pode constatar nos exemplos recollidos neste informe, esa catalogación non é residual nos conxuntos históricos que contan con Plan especial de protección. A inmensa maioría dos edificios que forman parte deses conxuntos están incluídos nos dous niveis: ambiental e estrutural; en consecuencia, as modificacións da estrutura parcelaria, o baleirado de edificacións e a substitución de edificios afectarían de maneira xeneralizada ao conxunto, non se trata de situacións excepcionais como as que contempla a lexislación actual. Modificar estes aspectos supón modificar o conxunto histórico, polo tanto desprotexelo e facer vulnerable unha parte importante do noso patrimonio relacionada coa evolución das estruturas urbanas e dos núcleos rurais urbanizados.

Os plans especiais vixentes, cando menos aqueles adaptados á LPC, xa contemplan e regulan as posibilidades de agregación e modificacións do parcelario definindo normas e parámetros para a súa aplicación e incluso delimitando ámbitos en que estas actuacións se poden realizar. Fano a partir da análise e estudo de cada un deses conxuntos, non dunha maneira xeneralizada e descoñecendo os valores culturais, históricos e documentais que ese tipo de actuacións poden afectar.

A posibilidade de agrupar como espazos comúns do conxunto dunha “promoción” conxunta de edificios os espazos libres das parcelas e a ocupación dos patios de rreiro considera estes como espazos residuais, ignorando a posibilidade de que estes espazos libres, sexan interiores ou exteriores, estean catalogados e sometidos a unha protección específica como contemplan a LPC e a LPHE.

Malia que as novas Normas de aplicación directa contemplan a súa aplicación aos edificios incluídos nos ámbitos dos conxuntos históricos, ou outros bens de carácter territorial, aínda que non contén cun plan especial de protección aprobado, eses inmobles non contarían cun nivel de protección atribuído para a súa aplicación, salvo que a Catalogación se realice a través doutro instrumento, contravindo igualmente o establecido na LPC e na LPHE para os conxuntos históricos declarados de interese cultural.

Nos seguintes exemplos (Figuras 2 a 5) apréciase claramente como as Normas de aplicación directa da Lei sobre os edificios con protección ambiental e estrutural son de aplicación á maior parte do tecido urbano dos conxuntos históricos declarados bens de interese cultural, o que permite apreciar a gravidade das cuestións sinaladas nos parágrafos anteriores.



FIGURA 2. PLANO DE CATALOGACIÓN DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ONDE SE APRECIA QUE A INMENZA MAIORÍA DOS EDIFICIOS ESTÁN CATALOGADOS EN NIVEIS 3 (EN AMARELO) E 4 (OCRE), “ASIMILABLES” AOS AMBIENTAL E ESTRUTURAL DA LPC/16.



FIGURA 3. PLANO DE CATALOGACIÓN DA CIDADE DE PONTEVEDRA ONDE OS EDIFICIOS CON PROTECCIÓN INTEGRAL NON CHEGAN Á VINTENA, POLO QUE, EXCEPTO OS MONUMENTOS, O RESTO, PRACTICAMENTE A TOTALIDADE, TEÑEN PROTECCIÓN AMBIENTAL OU ESTRUTURAL.



FIGURA 4. PLANO DE CATALOGACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE ALLARIZ ONDE SE APRECIA QUE A PRÁCTICA TOTALIDADE DOS EDIFICIOS ESTÁN CATALOGADOS EN NIVEIS AMBIENTAL E ESTRUCTURAL.




FIGURA 5. PLANO DE CATALOGACIÓN DA CIDADE DE LUGO ONDE SE APRECIA QUE A INMENZA MAIORÍA DOS EDIFICIOS ESTÁN CATALOGADOS EN NIVEIS 3 (MARRÓN) E 4 (VERDE), “ASIMILABLES” AOS AMBIENTAL E ESTRUCTURAL.

A continuación móstrase a relación de conxuntos históricos urbanos de Galicia declarados bens de interese cultural:

- En negro, aqueles que contan cun Plan especial de protección aprobado en virtude do establecido na lexislación de patrimonio cultural e que contan, polo tanto, con medidas específicas de protección e das actuacións que se poden realizar que serían derogadas pola LRRRU.
- En laranxa, aqueles que contan con Plans especiais de protección anteriores á LPC/95 e que, en virtude da DT 5ª da vixente LPC, se terían que ter adaptado antes de agosto de 2018, prazo que a Lei 3/2018 de medidas administrativas prorrogou ata finais do ano 2023.
- En vermello, os conxuntos históricos que carecen de Plan especial de protección; destes, os de Tui e Monforte están rematando a súa tramitación urbanística.

BIC.000.062	Conxunto histórico de Santiago de Compostela	Conxunto histórico	A Coruña	Santiago de Compostela	09/03/1940
BIC.000.080	Conxunto histórico de Ribadavia	Conxunto histórico	Ourense	Ribadavia	17/10/1947
BIC.000.085	Conxunto histórico de Pontevedra	Conxunto histórico	Pontevedra	Pontevedra	23/02/1951
BIC.000.104	<i>Conxunto histórico de Tui</i>	Conxunto histórico	Pontevedra	Tui	19/08/1967
BIC.000.105	Conxunto histórico de Muros	Conxunto histórico	A Coruña	Muros	29/05/1970
BIC.000.106	<i>Conxunto histórico de Betanzos</i>	Conxunto histórico	A Coruña	Betanzos	31/12/1970
BIC.000.107	Conxunto histórico de Castro de Rei	Conxunto histórico	Lugo	Castro de Rei	04/02/1971
BIC.000.109	Conxunto histórico de Allariz	Conxunto histórico	Ourense	Allariz	20/05/1971
BIC.000.120	Conxunto histórico de Combarro	Conxunto histórico	Pontevedra	Poio	30/11/1972
BIC.000.121	Conxunto histórico de Lugo	Conxunto histórico	Lugo	Lugo	22/02/1973
BIC.000.122	Conxunto histórico de Monforte de Lemos	Conxunto histórico	Lugo	Monforte de Lemos	22/02/1973
BIC.000.126	Conxunto histórico de Pazos de Arenteiro	Conxunto histórico	Ourense	Boborás	17/08/1973
BIC.000.330	Conxunto histórico de Ourense	Conxunto histórico	Ourense	Ourense	12/09/1975
BIC.000.361	Conxunto histórico da praza de Santa María do Campo de Viveiro	Conxunto histórico	Lugo	Viveiro	30/04/1982
BIC.000.364	Conxunto histórico da Cidade Vella da Coruña	Conxunto histórico	A Coruña	Coruña (A)	09/03/1984
BIC.000.365	Conxunto histórico do barrio da Madalena	Conxunto histórico	A Coruña	Ferrol	09/03/1984
BIC.000.366	<i>Conxunto histórico de Corcubión</i>	Conxunto histórico	A Coruña	Corcubión	31/01/1985
BIC.000.368	Conxunto histórico de Noia	Conxunto histórico	A Coruña	Noia	31/01/1985

BIC.000.369	<i>Conxunto histórico de Mondoñedo</i>	Conxunto histórico	Lugo	Mondoñedo	02/05/1985
BIC.000.386	Conxunto histórico de Baiona	Conxunto histórico	Pontevedra	Baiona	25/02/1993
BIC.000.563	<i>Conxunto histórico de Castro Caldelas</i>	Conxunto histórico	Ourense	Castro Caldelas	02/01/1998
BIC.000.568	Conxunto histórico de Cambados	Conxunto histórico	Pontevedra	Cambados	08/11/2001
BIC.000.573	Conxunto histórico de Ribadeo	Conxunto histórico	Lugo	Ribadeo	11/11/2004
BIC.000.576	Conxunto histórico de Vigo	Conxunto histórico	Pontevedra	Vigo	27/07/2006
BIC.000.588	Conxunto histórico de Ferrol Vello	Conxunto histórico	A Coruña	Ferrol	10/02/2011

TÁBOA 1. RELACIÓN DE CONXUNTOS HISTÓRICOS URBANOS DE GALICIA DECLARADOS BEN DE INTERESE CULTURAL. DATOS TOMADOS DE [HTTPS://WWW.CULTURA.GAL/GL/REXISTRO-BENS-INTERESE-CULTURAL](https://www.cultura.gal/gl/REXISTRO-BENS-INTERESE-CULTURAL).

3.3 Competencias en materia de protección do patrimonio cultural

En Galicia as competencias en materia de protección do patrimonio cultural están reguladas na LPC, na Instrución do 8 de novembro de 2017 que as modifica e nos propios instrumentos urbanísticos, PXOM e Plans especiais de protección que requiren autorización da Consellería de Cultura para supostos específicos establecidos polos concellos.

A LPC/16 recolle a habilitación aos concellos para a autorización de todas as intervencións sobre os bens catalogados do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e os seus contornos de protección e zonas de amortecemento a través de convenios de colaboración específicos entre o Concello e a Consellería de Cultura, condicionados a que contén cun instrumento de planeamento urbanístico ou de desenvolvemento adaptado ás súas previsións en materia de patrimonio cultural (a simple adaptación á Lei 9/2002 sería suficiente) e cun equipo técnico formado por persoal técnico: arquitecto/a, arqueólogo/a e historiador/a da arte.

A Instrución exime de autorización as actuacións consideradas de escasa complexidade técnica ou pouco alcance, así como outras actuacións que, producíndose no contorno de protección ou nas zonas de amortecemento (onde xa a lei excluía de autorización as actuacións que non se manifestan ao espazo exterior), non teñen incidencia sobre os bens protexidos.

Esa habilitación mediante convenio específico engádese á que a LPC/16 contempla (a mesma que contemplaba a anterior LPC/95 e a LPHE) para os conxuntos históricos e outros bens de carácter territorial cando contén co plan especial de protección, que permite aos concellos autorizar directamente as obras que o desenvolven.

A LRRRU exime da autorización da Consellería de Cultura para un maior número de actuacións sobre os edificios con protección ambiental e estrutural; as actuacións no interior e as actuacións nas carpintarías exteriores, fachadas e cambios de cuberta que non afecten a elementos especialmente protexidos. E, como sinalamos no apartado relativo á protección dos bens catalogados, a inmensa maioría dos Catálogos dos planeamentos municipais non identifican elementos especialmente protexidos dos bens catalogados, polo que a práctica totalidade desas actuacións serán obxecto de licenza directa.

A licenza directa esténdese a todas as obras interiores dos edificios dos bens de carácter territorial, coma os conxuntos históricos, sempre que non afecten a inmobles especificamente protexidos, teñan ou non Plan especial de protección aprobado. Non tendo un Plan especial de protección aprobado, eses conxuntos históricos, ou outros bens de carácter territorial, carecen dun Catálogo que estableza a protección dos inmobles, polo que neses supostos a competencia do Concello para autorizar as obras é total, incluso sobre inmobles que deberían ter a maior das proteccións. E isto sen que exista unha normativa ou ordenanzas que regulen esas intervencións e sen respectar o réxime transitorio que para a protección deses conxuntos históricos sen Plan especial de protección establecen a LPC e a LPHE.

Esta atribución de competencias aos concellos sen contar cos necesarios instrumentos de protección, planeamentos, Catálogos, Plans especiais de protección, cos contidos e as especificacións respecto dos inmobles e dos seus elementos especialmente protexidos, e sen ter uns servizos técnicos coa formación e

coñecementos necesarios para a avaliación da incidencia desas actuacións sobre os valores culturais que se deben preservar, pon nunha situación de risco a conservación dos bens catalogados e dos conxuntos históricos declarados Bens de interese cultural que non contén cun Plan especial de protección.

Finalmente, a ampliación da habilitación aos concellos no caso de Plans especiais de protección de bens catalogados na medida en que non se condiciona a que eses plans de protección estean adaptados á LPC, e considerando ademais que existen plans deste tipo anteriores incluso á LPC 1995, con disposicións contrarias ás establecidas na LPC e incluso que foron rexeitados no momento da súa aprobación pola Administración responsable do patrimonio cultural polo seu carácter lesivo, pon en risco a conservación deses bens.

3.4 Outros aspectos da LRRRU que poden afectar á protección do patrimonio cultural

Apréciase en xeral unha falla de coherencia e coordinación coa lexislación e normativa de protección do patrimonio cultural e incluso urbanística, tanto estatal como autonómica. Cuestións que poden non ser de especial gravidade, como que se sume á actual definición de tipos de obras da LPC a do Regulamento da Lei do solo (en diante LS), que se engadiron ás que establecen os planeamentos, cada unha diferente, introduce confusión na definición das actuacións permitidas e do seu alcance.

Que a LRRRU contemple a elaboración dun modelo de plan especial de protección que se aprobaría nun futuro regulamento, cando ao tempo a lexislación urbanística, a LS e o seu Regulamento tamén desenvolven o contido deste instrumento urbanístico, e a LPC regula o seu contido e prevé tamén establecer regulamentariamente as peculiaridades propias da súa elaboración, tramitación e aprobación, introduce determinadas contradicións, o que non parece axeitado, nin dende o punto de vista xurídico nin dende o da protección patrimonial.

O establecemento de áreas Rexurbe, que corresponderían principalmente a ámbitos dos conxuntos históricos con declaración de ben de interese cultural, a regulación dos Plans de dinamización sen que sexa clara a relación deses instrumentos de xestión cos Plans especiais de protección e nos que a Administración con competencia sobre

o patrimonio cultural non tería intervención; igual que a atribución ao centro Rexurbe de competencias de proposta de medidas para a protección do patrimonio cultural ou a elaboración dos informes técnicos nesta materia, cando estes centros se someten ao control dunha Comisión de Seguimento na que non se contempla a participación da Administración con competencia sobre o patrimonio cultural, suscitan dúbidas sobre os efectos da xestión destas áreas sobre os valores culturais dos conxuntos históricos dos que forman parte.

Medidas como a redución de prazos dos informes aos planeamentos ou ás súas modificacións ou noutro tipo de procedementos administrativos vinculados á protección do patrimonio que se veñen realizando, cando ademais o silencio é favorable, deben estar acompañados da dotación de recursos humanos e materiais xa que, en caso contrario, estas medidas non son compatibles coa protección do patrimonio cultural.

3.4.1 As medidas relativas aos núcleos rurais

A especial atención aos núcleos rurais en estado de abandono na LRRRU concrétese no procedemento de declaración e creación do Rexistro de núcleos rurais en estado de abandono e no procedemento para a venda deses inmobles, sen que se concreten medidas nin programas de apoio á recuperación de aldeas no rural e dos núcleos rurais en estado de abandono.

As Áreas de rehabilitación rurais xa existen e unicamente se declararon en dous casos, no núcleo de Vilar de Santos e no concello rural de Sober, polo que a eficacia deste instrumento de xestión para a recuperación dos núcleos parece limitada.

A importancia da arquitectura tradicional rural, das aldeas e dos núcleos tradicionais e do patrimonio etnolóxico que albergan e a perda dese patrimonio a causa do abandono e despoboamento rural, xunto con outras consideracións de carácter social, económico, etc., demandan con urxencia medidas e programas específicos de maior alcance.

4 Reflexións

Tendo en conta os aspectos comentados nos apartados 2 e 3, ofrecemos unha serie de reflexións antes das conclusións do informe. Con independencia de que a LRRRU aprobada o 2 de maio de 2019 incorporou aspectos xerais que poden considerarse positivos pola súa intención de recuperar para os Conxuntos Históricos os criterios contemporáneos de accesibilidade, de eficiencia enerxética e acceso ás novas tecnoloxías, que melloran a vida da cidadanía, co fin de proceder á súa revitalización, é evidente que o texto da Lei tamén leva consigo outras cuestións, analizadas anteriormente, que se consideran contraditorias con algúns dos principios básicos que garante a LPC de Galicia aprobada no ano 2016.

De feito, a Lei sinala que o planeamento urbano poderá establecer unha cualificación diferente para o subsolo co gallo de permitir a implantación de aparcadoiros; permite excluír así mesmo o criterio de mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos. Xa de cara aos edificios, contempla tamén a utilización conxunta dos portais e dos núcleos de comunicación vertical, a regularización e o agregado de parcelas, a unión de locais de negocio nas plantas baixas de varias edificacións ou permite a redacción de proxectos que afecten a varios edificios co fin de dispoñer de espazos comúns que incidan de maneira directa nos patios de ruego, estes son só algúns dos exemplos posibles segundo a nova LRRRU. Mais unido a todo isto tamén se fai referencia aos cambios que poderían afectar sobre todo aos interiores dos edificios recoñecidos nos Plans especiais de protección cun nivel de protección ambiental ou estrutural, como vimos comentando, onde parece que se asume unha maior permisividade á hora de baleirar os seus interiores sempre que os elementos de maior valor non estean protexidos dunha maneira específica nos instrumentos de regulación dos cascos históricos, este é outro dos aspectos preocupantes na nova lei para esta comisión.

Afondando neste aspecto, a valoración dominante do envoltorio exterior dos edificios que forman parte dos conxuntos históricos na LRRRU fai que os interiores pasen a ocupar un plano secundario ou menor, se non están especificamente catalogados. Neste sentido, cómpre sinalar que os interiores teñen unha importancia clave na historia da arquitectura, pois a organización interior, as súas estruturas, forma,

localización dos portais e escaleiras, cubertas, materiais construtivos e adaptación ao parcelario... son unha proba da súa historicidade que se incrementa cando, destas cuestións concretas, pasamos a outras particularidades que teñen que ver coa estilística artística, de carácter máis estético ou decorativo, como son as pinturas ou decoracións murais, molduras, carpintarías, vidreiras... e outros elementos que poden ter un valor moi destacable e que incrementan o interese patrimonial e cultural do inmovible. Insistimos na idea recollida máis arriba, un inmovible está conformado por unha estrutura externa (continente) e interna (contido). A relación entre ambas depende de moitos factores técnicos, sociais, simbólicos e/ou estéticos. Pero o propio interior conta cunha “pel” que tamén responde a estes mesmos aspectos. Ao mesmo tempo, o inmovible en contextos nos núcleos habitados, normalmente, forma parte dunha estrutura urbana ou rural urbanizada, que axuda a artellar, definir, configurar, e que tamén está influenciada por eses mesmos aspectos. Modificalos sen ter en conta os aspectos normativos recollidos nas leis LPC e LPHE supón alterar a historia das nosas cidades e da nosa arquitectura, posiblemente de forma definitiva.

Estas circunstancias só se poden coñecer se, como exige a LPC de Galicia cando define os contidos do Plan especial de protección que deben realizar os concellos, dispuxésemos dun “catálogo exhaustivo” que contemplara a valoración e protección de todos estes elementos. Non é o caso da gran maioría dos nosos Plans especiais de protección dos cascos históricos de Galicia, pois son moi poucos certamente os que dispoñen dunha catalogación tan precisa. Nos concellos que dispoñen deles –xa que non son todos–, na maioría dos casos adoitan ser de carácter moi básico e elemental as fichas do catálogo, de tal maneira que non alcanzan a detallar os aspectos relevantes dende un punto de vista patrimonial e as características de tan variados elementos que protexer. Por iso consideramos que a aplicación da nova LRRRU nas presentes circunstancias, onde faltan os catálogos básicos que permitan valorar os diferentes detalles que poidan conter os inmovibles, daría lugar a unha situación moi negativa que podería afectar á protección do noso patrimonio, claramente defendido pola LPC vixente, pola mesma LPHE de 1985 ou pola mesma Constitución española que, nos artigos 44 e 46, non só indica que “los poderes públicos promoverán y tutelarán el acceso a la cultura, a la que todos [los españoles y españolas] tienen derecho”, senón que tamén especifica que estes mesmos poderes públicos deberán garantir “la conservación y [...] el enriquecimiento del patrimonio histórico, cultural y artístico de los pueblos de España y de los bienes que lo integran”. Noutras palabras,

só un catálogo exhaustivo dos bens e elementos que protexer, feito por un equipo diversificado de profesionais, garantiría debidamente a protección do noso patrimonio cultural.

Por outra parte, incidindo noutro dos aspectos xa comentado, a LRRRU propón outorgar aos concellos un papel máis destacado e activo na protección e rehabilitación dos cascos históricos e os seus inmobles, especialmente no que compete a calquera actuación que non afecte á envolvente exterior dun inmovible incluído na contorna de protección ou na zona de amortecemento dun ben declarado de interese cultural ou catalogado, exista ou no Plan especial de protección.

Esta comisión considera que non tería que haber unha oposición a un necesario protagonismo municipal en cuestións relacionadas coa xestión do patrimonio cultural, pois por moitos motivos parece positivo e razoable distribuír esforzos nesta liña entre as diferentes administracións públicas. Con todo, para que haxa garantías dunha correcta, completa e exhaustiva catalogación dos bens patrimoniais, definindo a súa tipoloxía, estrutura, espazos interiores e elementos singulares que os caracterizan e, polo tanto, implican a súa protección mediante algunha das figuras contempladas na LPC/16, e, do mesmo xeito, unha garantía dunha boa práctica protectora e rehabilitadora, procede sinalar que tanto os concellos como as Oficinas de Rehabilitación deberían dispoñer sempre de persoal coa formación necesaria para a toma de decisións que afecten á xestión deste patrimonio en materia de arquitectura e urbanismo históricos. Neste sentido, as Comisións de Patrimonio ou as Comisións de Seguimento dos Plans Especiais son órganos colexiados para a avaliación experta desas cuestións que se propoñen na LPC co obxectivo de avaliar conceptos indeterminados como *resolver axeitadamente*, *respectar o carácter do inmovible*, *entrar en contradición coas características singulares* e que agora na LRRRU quedan sometidos á valoración e criterio único dun técnico municipal que, como dicimos, non sempre conta coa formación axeitada para desenvolver tal tarefa. Así, a LPC de Galicia contempla na súa disposición adicional cuarta que a habilitación aos concellos para a autorización das intervencións pasa polo seu deber de garantir algunhas cuestións; entre elas a existencia destas comisións, que deben estar formadas por persoal competente para o exercicio da arquitectura, a arqueoloxía e a historia da arte. Insistimos novamente en que, coa nova lei na man, aínda que estas comisións contén con persoal experto nestas materias, as súas decisións quedan sometidas á

valoración e criterio único dun técnico municipal; polo tanto, é necesario dotar aos concellos de persoal competente coñecedor das circunstancias materiais e históricas que outorguen valor tanto ao casco histórico como aos inmobles que o integran, así como aos seus espazos baleiros (prazas, rúas, etc.).

Finalmente, é necesario recordar unha vez máis que a LRRRU non debería contradicir ningún dos principios que aparecen establecidos nas leis estatal e galega aprobadas *ex professo* para a defensa e protección do patrimonio cultural. Polo seu carácter máis amplo no xeográfico e polos seus contidos máis específicos no cultural, deberían establecerse como marco e punto de partida para desenvolver aquelas propostas que son máis cuestionables na LRRRU, sobre a que emitimos o presente informe.

5 Conclusións

Tendo en conta todo o exposto ao longo do presente informe, destacamos dous aspectos a modo de conclusións, que comentaremos a continuación nos apartados 5.1 e 5.2, mais parécenos importante incidir, como remate, en certos puntos xa comentados tanto na introdución ao presente informe como no apartado relativo á contextualización. Así, volvemos lembrar que, no contexto constitucional acadado no ano 1978 en España, foron xurdindo as raíces dunha relación tanto do Estado como da cidadanía co patrimonio cultural (concepto entendido agora de maneira máis complexa e multivocal que o concepto de monumento no que se asentaban as bases anteriores da nosa tradición patrimonial, e da normativa xurídica respecto ao noso patrimonio) que foron tomando corpo na Lei do patrimonio histórico español do ano 1985, pero tamén, na nosa comunidade autónoma, na Lei do patrimonio cultural de Galicia de 1995, que, debemos lembrar, foi aprobada por consenso de todos os grupos parlamentarios. A primeira, a LPHE, redactada baixo a importante significación que a Constitución recolle sobre o patrimonio histórico e a cultura para o Estado, a segunda, a LPC/95, baixo esa mesma significación que recolle o Estatuto de autonomía para Galicia (ver a Exposición de motivos da Lei).

No caso de Galicia, a tradición patrimonial, normativa, xurídica e administrativa que dende entón se vén desenvolvendo respecto á xestión e á práctica con relación ao patrimonio está baseada tamén no seu papel como elemento identitario, de fonda raíz e longa tradición no noso contexto que podemos exemplificar en obras tan importantes

para a nosa cultura como o *Ensaio histórico sobre a cultura galega* de Otero Pedrayo (1930), *A cultura galega no século XXI* de Carlos Casares (2017) ou *Identidades e afectos patrios* de Ramón Villares (2017). As nosas leis de patrimonio cultural, especialmente a do ano 1995, recollen esa tradición e o consenso político do marco normativo no que se xerou. Tradicionalmente existiu un compromiso irrenunciable da Comunidade Autónoma de Galicia co seu patrimonio cultural, elemento identitario da súa cultura, da súa tradición cultural, patrimonial, xurídica e administrativa, polo que, dende esta comisión considerabamos importante mostrar a nosa fonda preocupación polas consecuencias que esta deriva pode ter de cara á conservación, salvagarda e xestión do noso patrimonio cultural, nun ámbito tan significativo do noso pobo como é a arquitectura, a tradición construtiva que significa cada un dos períodos da nosa historia e das modificacións producidas no tempo, pero tamén do noso urbanismo e da maneira en como esta arquitectura se relaciona co territorio, ben en contornas urbanas, rurais ou nos propios camiños que articulan a circulación no territorio galego.

5.1 Sobre a estabilidade do marco normativo da protección do patrimonio cultural

A LPC/16 inicia a súa Exposición de motivos manifestando que pretende ser a base normativa fundamental na que se plasme o compromiso irrenunciable da Comunidade Autónoma de Galicia co seu patrimonio cultural en canto eixe fundamental que lle dá sentido e significación. Non obstante, esta pretensión non se concilia coas modificacións desta norma, ao noso entender, contraria aos criterios e conceptos de protección do patrimonio arquitectónico e urbano consensuados internacionalmente e recollidos na lexislación vixente, estatal e autonómica.

Os planeamentos urbanísticos, os seus Catálogos e os Plans especiais de protección dos conxuntos históricos e doutros bens de carácter territorial son normas xurídicas elaboradas dende a proximidade ao territorio, dende o coñecemento da súa especificidade e diversidade e como tales consideráronse os instrumentos idóneos para a identificación e protección do patrimonio cultural que acollen os territorios que ordenan. A necesidade dunha actualización deses documentos, dos seus Catálogos e da súa normativa non pode suplirse coa súa derogación e substitución por unha norma xenérica aplicable a través dunha asimilación, arbitraria por ser xeral, falta de coñecemento, e de consecuencias moi graves, hoxe in-avaliáveis, pero que van

reducir sensiblemente os valores do patrimonio cultural, a súa autenticidade e integridade e, con seguridade, tamén suporán a desaparición física de bens protexidos ou de parte deles.

Os Plans especiais de protección constitúen dende a LPHE do ano 1978 o instrumento en que se desenvolven as exixencias e condicións de protección dos conxuntos históricos bens de interese cultural que responden a criterios de preservación da morfoloxía urbana, do parcelario e das edificacións establecidos xa nesa lexislación estatal. A substitución desas normas polas normas de aplicación directa relativas ao parcelario, que son de carácter xeral, alleas ao coñecemento da estrutura territorial do conxunto, á análise da súa significación cultural e dos criterios para mantela, pon en risco de espoliación os conxuntos históricos de Galicia.

5.2 Sobre a responsabilidade pola ausencia dun Inventario, hoxe Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia

Na actualidade, o obxectivo de contar cun Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia eficaz e público aínda non está conseguido. Para alcanzalo é necesario non só o desenvolvemento das normas legais e das instrucións regulamentarias, senón tamén contar cos recursos económicos, técnicos e persoais suficientes.

A LPC/16 na súa *Disposición adicional segunda. Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia* estableceu un prazo dun ano desde a entrada en vigor desa lei para que a Xunta de Galicia elaborase un regulamento no que se fixe o formato do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e, a partir de aí, a incorporación dos bens incluídos nos catálogos municipais, indicando os elementos precisos para a súa identificación, o contorno de protección establecido e as fichas que consten no planeamento.

A esta tarefa debe seguir a homoxeneización dos catálogos e dos niveis de protección e a identificación nas fichas correspondentes daqueles elementos e aspectos propios do ben que caracterizan o seu notable valor cultural.

A definición dos niveis de protección, a atribución destes niveis aos bens ou a identificación dos elementos que xustifiquen a súa protección ou que estean

singularmente protexidos son exixencias da LPC/16 ás que non están adaptados os catálogos dos planeamentos vixentes. Nestas condicións, a aplicación das normas de aplicación directa pon en risco de desaparición non só elementos dos edificios de singular valor, senón tamén moitos inmobles, simplemente polas carencias e insuficiencias do documento que os cataloga.

O artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia determina que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego e, como sinala a Exposición de motivos da LPC/16, estamos, pois, diante dun mandato inequívoco, singular e relevante que dota o texto legal dunha destacada significación no desenvolvemento dos principios estatutarios que lle dan sentido á autonomía de Galicia. En efecto, esta competencia, lonxe de ser unha mera consecuencia da ordenación territorial do Estado, constitúese sobre a base duns poderes que emanan dun pobo que o é en virtude dos valores culturais que o configuran.

A combinación, por un lado, da falta de eficacia das políticas de protección do patrimonio cultural, sen que case 38 anos despois de que Galicia asumise as competencias exclusivas en materia de patrimonio cultural dispoña dun Inventario ou Catálogo rigoroso, completo e eficaz para a protección do seu patrimonio cultural, e, por outro lado, do establecemento na LRRRU dunhas normas de aplicación directa sen que exista a garantía dese Catálogo para preservar os valores e elementos singulares dos bens, pon en risco de perda, destrución ou deterioración moitos dos bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia.

Listaxe de siglas incluídas no documento:

Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRRU)

Lei do patrimonio cultura de Galicia (LPC)

Lei do patrimonio histórico español (LPHE)

Plan Especial (PE)

Plan de Protección (PPRO)

Ben de Interese Cultural (BIC)

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (DXPC)

Consello da Cultura Galega (CCG)

Xunta de Galicia (XuGa)